

A nosa ref.: 6 Educación

Asunto: información xeral inicio campamento "OBRADOIROS DE SEMANA SANTA 2024"

Queridos pais, nais ou titores: Por medio desta circular informámoslles de como se vai desenvolver o campamento de Obradoiros de Semana Santa 2024 organizado polo concello de Cambre, amosando os seguintes datos de interese:

- **Lugar de realización:** CEIP Wenceslao Fdez. Flórez
- **IMPORTANTE: Punto de encontro entrada e saída:** Pola parte de diante do colexio, porta peoníl.
Os acompañantes non poderán entrar no edificio.
- **Datas:** 25,26,27 de marzo e 1 de abril de 2024
- **Servizos:** Realizaranse os seguintes servizos:
 - **SI** haberá Mañanceiro: Dende as 7:30 horas e ata ás 9:30 horas (agradecemos que a entrada sexa antes das 9:15 horas, para unha mellor organización). **NON** haberá servizo de **almorzo**, por non recibir o número mínimo de solicitudes establecido para servilo.
 - **NON** haberá transporte, por non recibir o número mínimo de solicitudes establecido.
 - **SI** haberá as actividades propias do campamento: de 9:30 horas a 13:30 horas. Para os que habían solicitado comida haberá actividades ata as 14:30 horas, e poderán ser recollidos no centro ata as 15:00 horas.
 - **NON** haberá servizo de **comida**, por non recibir o número mínimo de solicitudes establecido para servila.
- **Datos da coordinadora: Yasmina co nº de teléfono de contacto: 655026729**
- **¿Que necesitan para eses días?**
 - **Unha muda completa**, sobre todo os máis pequenos (3 anos), que deberán deixala no centro.
 - **Roupa e calzado deportivo.** Gorra e chuvasqueiro, segundo faga sol ou chuvia. É aconsellable que a roupa estea marcada co seu nome para evitar que o perdan (sobre todo os participantes máis pequenos).
- Os/as participantes poderán **levar merenda para tomala a media mañá e un botellín de auga co seu nome.**
- **Outras normas:**
 - Durante todo o campamento, os pais, nais ou titores deberán ter o teléfono operativo.
 - Non está permitido que os/as participantes leven aparellos electrónicos nin xoguetes ao campamento, en tal caso se lles retirará e se entregará ao seu pai/ nai ou titor/a na recollida ou ao remate do mesmo.

Calquera comunicación que queiran facer poderán facelo a través da coordinadora do campamento ou ben por escrito ao concello de Cambre (educacion@cambre.org) ou chamando ao departamento de Educación ao nº de teléfono 981 613 291.



Este programa está subvencionado por:

